



Boletín de información escolar 2024/2025

DATOS DE CONTACTO DO CENTRO:

Dirección postal:

Dirección postal: CEIP. Cabanas
Lugar de Cabanas, 72. Salcedo (36143) Pontevedra

 **Teléfonos:** 886 151 582 Dirección
886 151 583 Conserxería
886 151 584 Secretaría

e-mail: ceip.cabanas@edu.xunta.gal

Organigrama

Consellería:

- Conselleiro: D. Román Rodríguez González
- Xefe territorial: D. César A. Pérez Ares
- Inspectora: D^a Alejandra López López

Consello Escolar:

- Directora: D^a M^a Leonor Fariña Núñez
- Xefa de estudos: D^a Natalia Santamaría Ogando
- Secretaria: D^a Cristina B. Dapena Veiga
- Profesorado: D^a Antía Fonseca Roque, D^a. Guadalupe Hermida Rodríguez, D^a. Eva M^a Fontáns Fernández, D^a. Ana I. Couso Domínguez, D. Juan Francisco Fraga Vicente.
- Persoal de administración e servicios: D. Antonio Rodríguez Dias.
- Representantes Pais/nais: D^a María Vázquez Blanco, D^a. Beatriz Lago Núñez, D^a. María del Carmen Tomé Besada, D^a. Iria Carballo Fariña e D. Alejandro Sieyro Baldor
- Representante do Concello: D^a M^a Carmen Fouces Díaz.

Profesorado:

- Equipo directivo:
 - Directora: D^a M^a Leonor Fariña Núñez
 - Xefa de estudos: D^a Natalia Santamaría Ogando.
 - Secretaria: D^a Cristina B. Dapena Veiga.
- Educación Infantil:
 - 4º Curso: D^a María Sánchez Fernández
 - 5º Curso: D^a Andrea Lusquiños Reguera
 - 6º Curso: D^a Ana M^a Muiños Otero
 - Apoio: D^a María José Fernández Fiuza
- Educación Primaria:
 - 1º Curso: D^a Rosana Padín Senra
 - 2º Curso: D^a Carol González Rey
 - 3º Curso: D^a Natalia Santamaría Ogando.
 - 4º Curso: D^a Antía Fonseca Roque
 - 5º Curso A: D. Juan Fco. Fraga Vicente
 - 5º Curso B: D. Xurxo Cobelas Sobrino
 - 6º Curso: D^a Cristina B. Dapena Veiga

Especialistas:

- Orientador: D. Roberto Maquieira García
- Pedagogía Terapéutica: D^a Eva Fontáns Fernández
- Audición e Linguaxe: D^a Alicia Tilve Costas.
- Inglés: D^a Guadalupe Hermida Rodríguez
- Relixión: D^a Ana I. Couso Domínguez
- Música: D^a Antía Fonseca Roque
- Educación Física: D. Jose Luis Verdeal Silva

Anpa:

- Presidente: D. Jose Ramón González Varela
- Vicepresidenta: D^a Jesica Fernández González
- Secretaria: D^a Lucía Tojo Otero
- Tesoureiro: D. David Couso Domínguez
 - Contacto:
 - anpa.volvoreta@nontedurmas.org
 - <https://anpaborboreta.wordpress.com/>

Conserxería:

- D: Antonio Rodríguez Días



Horario de administración:

Dirección e Secretaría:

- De luns a venres de 9:30 a 10:20 e de 13:40 a 14:30 (fóra dese horario, consultar dispoñibilidade)

Horario de atención a pais/nais:

Titorías os MARTES de 18:30 a 19:30, previa solicitude. No caso de precisar outro horario concertar cita co titor/a.

Horario escolar:

Luns a venres de 9:30 a 14:30 (ED. Infantil ás 14:20).

Garda e custodia do alumno transportado:

A porta de acceso ao recinto escolar abre ás 7:30 ao comezo do Plan Madruga.

Alumnado transportado en autobús escolar: o profesorado será responsable da súa garda e custodia. Serán recollidos na porta á súa chegada ao centro e conducidos ao patio traseiro, onde permanecerán ata o comezo das clases ás 9:30.

A custodia do alumnado non transportado corresponde aos pais, nais ou titores ata a hora do comezo das actividades lectivas ás 9:30. **(Non poden acceder ao centro ata esa hora).**

Baixo circunstancias especiais (Climatoloxía, retrasos no transporte, urxencias familiares...) o profesorado de garda e/ou o equipo directivo adoptarán as medidas necesarias para garantir a atención do alumnado.

Absentismo escolar: Asistencia e puntualidade

Segundo o **Protocolo de Absentismo Escolar en Galicia**, de obrigado cumprimento, as faltas de puntualidade e asistencia do alumnado deben ser debidamente xustificadas.

Considéranse xustificables:

- As citacións que supoñan un deber inexcusable ou a tramitación de documentos oficiais (DNI, pasaporte...) polo tempo necesario.
- As enfermidades (polo tempo de prescripción médica).

- As indisposicións leves (máximo 2 días lectivos ao mes).
- A morte ou enfermidade grave dun familiar en 1º ou 2º grao.
- Outras causas non contempladas nos puntos previos quedan a criterio do titor/a ou, en última instancia, da Dirección.

Faltas de puntualidade: A hora de entrada é ás 9:30 h. A partir das 9:45 pecharanse as portas e considerarase falta de puntualidade. Será preciso empregar o timbre da porta para acceder ao centro e xustificar a falta mediante o impreso dispoñible na conserxería e a web. Poderán aportar posteriormente a documentación oportuna.

Faltas de asistencia: Xustificaranse ante o titor/a aportando a documentación correspondente (xustificante médico, citación xudicial...). No caso de non dispoñer destes documentos hai dispoñible na conserxería e na web un formulario de xustificación de faltas.

A acumulación de máis dun 10% mensual de faltas non xustificadas pode supoñer o inicio dun expediente de absentismo escolar.

Outros aspectos organizativos:

- Durante o horario lectivo, salvo autorización expresa da dirección, co fin de garantir o desenvolvemento normal das sesións docentes, prohíbese a entrada aos corredores e aulas a toda persoa allea ao persoal do centro.
- O alumnado entrará só ao edificio. Co alumnado de 3 anos ao principio de curso, e como excepción, a titora autorizará aos adultos a acompañar ao alumnado ata a súa aula.
- No caso de traer material ou merenda para o alumno/a que o esquecera, entregaráselle ao conserxe, equipo directo ou profesor de garda nese momento que o levará á aula correspondente.
- Cando un alumno/a deba abandonar o centro antes do remate do horario lectivo, o pai/nai ou persoa autorizada para a recollida cumprimentará o documento xustificativo dispoñible en conserxería.
- O conserxe ou mestre de garda avisarán na aula e entregarán ao alumno/a no mostrador de conserxería.
- Nos casos de separación ou divorcio nos que a garda e custodia estean reguladas por sentenza xudicial que inflúa na recollida do alumnado, o pai/nai deberá informar ao centro da situación, aportando copia da sentenza.

- Na saída o alumnado non usuario do transporte escolar queda baixo a custodia dos seus familiares ou persoas responsables.
- No suposto de que ninguén veña a recoller ao alumno/a este permanecerá acompañado/a do profesorado de garda ou equipo directivo ata ás 15:00 h. De non ser posible a comunicación coa familia procederase a dar parte á Policía Local e actuarase segundo as súas instrucións.



Asistencia sanitaria e hixiene:

- Ante un caso de malestar ou accidente leve, o titor/a do alumno/a valorará a gravidade da situación e, se considera oportuno, porase en contacto coa familia para que acudan ao centro. O conserxe ou un mestre realizarán unha asistencia básica (aplicación de frío, limpeza de feridas, colocación de apósitos...).

Avisados os responsables do alumno/a, serán eles os que valoren a gravidade da situación e tomen as decisións oportunas, baixo a súa responsabilidade: quedar no centro, levalo a casa ou ao médico.

- No caso de malestar ou accidente grave chamarase ao 061 así como á familia. Se o 061 recomenda o traslado en ambulancia será un familiar o acompañante. Se no momento do traslado ningún familiar está presente, será un mestre/a o acompañante ata o centro de saúde.
- Necesidade de medicación en horario escolar: serán os pais ou persoas autorizadas por eles os encargados de subministrarlle ao alumno/a. No caso extremo de que os responsables non puidesen acudir ao centro, un membro do profesorado, de xeito voluntario e coa autorización escrita dos pais, subministrará a medicación, tendo en conta de que non se trata de persoal sanitario.
- No caso de alumnado con dificultades puntuais no control de esfínteres, os encargados de cambialos serán os pais, ou persoa que determinen. Notificada a incidencia por parte do titor/ deberán acudir ao centro coa roupa necesaria para mudalos.
- No caso de que un alumno/a presente febre ou padeza pediculose (piollos), non é recomendable que asista á clase para evitar posibles contaxios.



Plan de evacuación:

Realizarase anualmente un simulacro de evacuación do centro para posibles casos de emerxencia. Comunicarase con antelación ás familias a data aproximada na que vai ter lugar para evitar posible alarma na contorna.



Plan madrugada e comedor escolar:

O servizo de Plan Madrugada está dispoñible dende as 7:30 ata ás 9:30 h. e o de Comedor Escolar entre ás 14:30 e ás 17:00 h.

Estas prestacións, reguladas mediante un convenio de colaboración asinado entre o Concello de Pontevedra e a FANPA, están xestionados pola empresa ARUME (607634413-info@arumeservicios.gal)

No blogue da ANPA Bolboreta facilítase toda a información sobre estes servizos.



Transporte escolar:

O centro dispón de tres liñas de transporte escolar gratuíto con acompañante. O servizo está prestado pola empresa RÍAS BAIXAS (986 856 622)

- RUTA 1: saída dende Avda, de Vigo, 72.

Acompañante: D^a. Cruz (670 870 098)

- RUTA 2: saída dende Eduardo Pondal, 68.

Acompañante: D^a. Susana (616 815 126)

- RUTA 3: saída dende Praza de Galicia.

Acompañantes: D^a. Araceli (600 747 448) e D^a. Begoña (676 360 506).



Biblioteca escolar:

Cada grupo de alumnos/as ten establecida unha hora semanal de visita á biblioteca dentro do horario lectivo para o servizo de empréstito. Nos recreos, os martes pola tarde e o resto das tardes con actividades extraescolares no centro, funcionará como sala de lectura e de consulta .

Os usuarios da biblioteca terán que respectar as seguintes normas:

- Todo o alumnado de EP. e de EI. Ten dereito ao servizo de empréstito.
- Os libros será tratados con respecto e coidado. En caso de perda ou deterioro dalgún, deberase mercar outro igual ou aboar o seu importe para poder repoñelo.
- O período de empréstito é de 15 días.



Actualización de datos:

É moi importante que comuniquen na secretaría do centro as variacións nos datos do alumnado que se poidan producir (teléfonos móbiles, expedición do DNI, teléfono de urxencias, correo electrónico, alerxias ou datos médicos relevantes...) para unha correcta comunicación.

Actividades complementarias e extraescolares:

Realizaranse, a lo menos, as seguintes actividades ao longo do curso:

Samaín, Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día da Muller, 25 N., Día da familia, Letras Galegas, festival de fin de curso.

Así mesmo poderán ter cabida algunhas das conmemoracións contempladas na Orde do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024-25.

Como membros da Rede de Escolas Unesco, poderase participar tamén nas actividades que se determinen para as escolas pertencentes á citada rede.



Obxectos perdidos:

Na entrada principal do edificio hai un espazo no que se gardará a roupa e obxectos extraviados para que poidan ser recuperados . Ao final de cada curso o centro doará a roupa a unha ONG e desfarase dos obxectos non reclamados.

Podedes ver imaxes da roupa extraviada na galería de fotos da páxina web do cole:

- <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcabanass/galeria/>



Abalar Móbil:

Esta aplicación gratuíta para o móbil (dispoñible en Google play store e App Store) será a canle preferente de comunicación entre o centro e as familias. Poderán recibir información sobre a vida académica do centro en xeral e dos seus fillos en particular.



Impresos e formularios:

A meirande parte dos impresos que se poden necesitar para entregar no centro están dispoñibles para a súa descarga na páxina web do centro (país/nais> impresos e formularios).

- <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcabanass/taxonomy/term/55>

CALENDARIO ESCOLAR 2024/25

SETEMBRO								OUTUBRO								NOVEMBRO							
L	M	M	X	V	S	D		L	M	M	X	V	S	D		L	M	M	X	V	S	D	
						1		1	2	3	4	5	6					1	2	3			
2	3	4	5	6	7	8		7	8	9	10	11	12	13		4	5	6	7	8	9	10	
9	10	11	12	13	14	15		14	15	16	17	18	19	20		11	12	13	14	15	16	17	
16	17	18	19	20	21	22		21	22	23	24	25	26	27		18	19	20	21	22	23	24	
23	24	25	26	27	28	29		28	29	30	31					25	26	27	28	29	30		
30																							
DECEMBRO								XANEIRO								FEBREIRO							
L	M	M	X	V	S	D		L	M	M	X	V	S	D		L	M	M	X	V	S	D	
						1				1	2	3	4	5								1	2
2	3	4	5	6	7	8		6	7	8	9	10	11	12		3	4	5	6	7	8	9	
9	10	11	12	13	14	15		13	14	15	16	17	18	19		10	11	12	13	14	15	16	
16	17	18	19	20	21	22		20	21	22	23	24	25	26		17	18	19	20	21	22	23	
23	24	25	26	27	28	29		27	28	29	30	31				24	25	26	27	28			
30	31																						
MARZO								ABRIL								MAIO							
L	M	M	X	V	S	D		L	M	M	X	V	S	D		L	M	M	X	V	S	D	
						1	2												1	2	3	4	
3	4	5	6	7	8	9		7	8	9	10	11	12	13		5	6	7	8	9	10	11	
10	11	12	13	14	15	16		14	15	16	17	18	19	20		12	13	14	15	16	17	18	
17	18	19	20	21	22	23		21	22	23	24	25	26	27		19	20	21	22	23	24	25	
24	25	26	27	28	29	30		28	29	30						26	27	28	29	30	31		
31																							
XUÑO																							
L	M	M	X	V	S	D																	
						1																	
2	3	4	5	6	7	8																	
9	10	11	12	13	14	15																	
16	17	18	19	20	21	22																	
23	24	25	26	27	28	29																	
30																							

Vacacións:

- Comezo das clases:** 11 de setembro 2024
- Nadal:** do 23 de decembro ao 7 de xaneiro, ambos incluídos.
- Entroido:** 3, 4 e 5 de marzo de 2025.
- Semana Santa:** 14 a 21 de abril de 2025, ambos incluídos.
- Día do ensino:** 31 de outubro.
- Fin das clases:** 20 Xuño 2025
- Elexidos polo centro:** 4 de novembro e 2 de maio (pendentes de confirmación)